



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Xestión Contable e Financeira na Empresa de Moda	Código	710G03015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Anido Martinez, Cristina	Correo electrónico	cristina.anido@udc.es	
Profesorado	Anido Martinez, Cristina	Correo electrónico	cristina.anido@udc.es	
	Pérez Seijo, Jorge		jorge.perez.seijo@udc.es	
	Puime Guillén, Félix		felix.puime@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia pretende:</p> <ul style="list-style-type: none"> ? Introducir os conceptos básicos relativos ao proceso de elaboración, comunicación e interpretación da información financeira ? Formar os coñecementos e desenvolver as habilidades básicas para comprender a problemática financeira da empresa ? Proporcionar fundamentos económico-financeiros necesarios para coñecer o estado das empresas (en particular, das empresas de moda) e tomar decisións para a súa xestión 			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A10	B4	C5
Coñecer a terminoloxía contable e financeira	A10	B4	
Coñecer o método contable e o seu output: os estados financeiros	A10		C5
Coñecer a problemática financeira da empresa	A10		C5
Interpretar a información financeira co obxectivo de emitir opinións e tomar decisións	A10	B1 B2 B3 B4 B9	
Transmitir información contable e financeira, tanto de forma oral como escrita, nun idioma estranxeiro		B1 B2 B4	C2
Utilizar ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida			C5 C8
Ter a capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos		B2 B5 B8 B9	C9
Ter a capacidade para traballar en equipo de maneira consultiva		B4 B5 B8	C9



Ter un comportamento ético nos negocios	A10	B2 B5	C5
---	-----	----------	----

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I	- FINANZAS -
Fundamentos de análise das operacións financeiras	Valor temporal do diñeiro Operacións financeiras
Decisión de investimento	Proxectos de investimento Avaliación de proxectos de investimento
Decisión de financiamento	Fontes financeiras Custo das fontes financeiras
PARTE II	- CONTABILIDADE -
Actividade empresarial e necesidade de información	Información financeira e non financeira
Contabilidade financeira	Estados financeiros Rexistros contables Ciclo contable
Análise contable	Contido dos estados financeiros Liquidez e solvencia Rendibilidade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A10 B4 C2	10	10	20
Discusión dirixida	B1 B2 B3 C2	10	20	30
Solución de problemas	A10 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C9	14	28	42
Prácticas a través de TIC	A10 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C8 C9	14	28	42
Traballos tutelados	A10 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C8 C9	8	40	48
Foro virtual	B2 B4 C2 C8	0	3	3
Proba obxectiva	A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 C2 C9	4	20	24
Seminario	B2 C2 C5	4	4	8
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, feita polo docente, dos conceptos básicos necesarios para que o alumnado poida buscar solución aos problemas contables e financeiros tratados no programa.
Discusión dirixida	Preparación dos temas formulados polo docente e participación na discusión dos mesmos.
Solución de problemas	Traballo individual e en grupo, guiado polo docente, para a resolución, presentación e discusión de exercicios e casos prácticos.
Prácticas a través de TIC	Traballo individual e en grupo, guiado polo docente, para a resolución, presentación e discusión de exercicios e casos prácticos mediante a utilización das TICs (folla de cálculo e outras aplicacións).
Traballos tutelados	Presentación dos traballos realizados en equipo e seguindo as orientacións do docente.



Foro virtual	Utilización do foro de Moodle para propor dúbidas e/ou responder ás preguntas dos compañeiros sobre calquera aspecto relacionado coa materia.
Proba obxectiva	Exame parcial e exame final sobre aspectos teóricos e prácticos.
Seminario	Participación en seminarios ou conferencias impartidos por expertos en temas da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	TODA A COMUNICACIÓN CO EQUIPO DOCENTE (TITORÍAS, E-MAILS, ETC.) DEBE SER EN INGLÉS
Solución de problemas	A atención personalizada (titorías individuais e grupais) desenvolverase mediante videoconferencias en Teams.
Traballos tutelados	Os equipos formados no marco dos traballos tutelados terán asignados sesións de atención personalizada para o seguimento do traballo realizado por cada un dos seus membros e do equipo en conxunto. O calendario das sesións de seguimento se indicará ao longo do curso en función do plan de traballo da materia.
Discusión dirixida	
Prácticas a través de TIC	
Proba obxectiva	Asemade, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de titorías para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase un calendario específico de atención personalizada compatible co plan de traballo da materia e coa súa dedicación

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	B2 C2 C5	Avaliación das probas e/ou informes requiridos para cada seminario e conferencia, seguindo as orientacións do docente.	10
Solución de problemas	A10 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C9	Avaliación dos casos propostos para a súa resolución, individual ou en grupo, seguindo as orientacións do docente.	10
Traballos tutelados	A10 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C8 C9	Presentación dos traballos realizados en equipo e seguindo as orientacións do docente. Na valoración terase en conta o rigor na súa entrega e resolución, a presentación realizada e a resposta ás preguntas formuladas polo alumnado e o docente.	20
Prácticas a través de TIC	A10 B2 B3 B4 B5 B8 B9 C2 C8 C9	Avaliación dos casos propostos para a súa resolución, individual ou en grupo, facendo uso das TICs e seguindo as orientacións do docente.	10



Proba obxectiva	A10 B1 B2 B3 B4 B8 B9 C2 C9	<p>As probas obxectivas valorarán aspectos teóricos e prácticos. Para poder optar a aprobar a materia é necesario obter unha nota mínima de 4 sobre 10 na parte de finanzas e na parte de contabilidade. De non cumprirse este requisito, independentemente da nota de avaliación continua, a cualificación recollida na acta será a nota da parte que non supera o límite mínimo de 4 sobre 10.</p> <p>AVALIACIÓN DA PRIMEIRA OPORTUNIDADE</p> <p>No primeiro cuadrimestre, no día e hora fixados polo docente, realizarase o primeiro exame parcial que suporá o 25% da cualificación final. Para poder optar ao segundo exame parcial é necesario superar o primeiro exame parcial obtendo una nota mínima de 4 sobre 10.</p> <p>A fin de curso, no día e hora fixados polo centro, realizarase:</p> <p>A) o segundo exame parcial para o alumnado que superou o primeiro exame parcial. O segundo exame parcial suporá o 25% da cualificación final. Para poder optar a aprobar a materia é necesario superar o segundo exame parcial obtendo una nota mínima de 4 sobre 10.</p> <p>B) o exame final global para o alumnado que non superou o primeiro parcial e o alumnado que, habendo superado o primeiro parcial, renuncie á cualificación previamente obtida e o notifique por escrito con antelación ao docente para a súa autorización. O exame final global suporá o 50% da cualificación final. Para poder optar a aprobar a materia é necesario superar tanto a parte de finanzas como a parte de contabilidade obtendo unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das devanditas partes.</p> <p>AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE</p> <p>A fin de curso, no día e hora fixados polo centro, realizarase un exame final global. O exame final global suporá o 50% da cualificación final. Para poder optar a aprobar a materia é necesario superar tanto a parte de finanzas como a parte de contabilidade obtendo unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das devanditas partes.</p>	50
-----------------	--------------------------------	---	----

Observacións avaliación



TODA A COMUNICACIÓN E DOCUMENTACIÓN SERÁ EN INGLÉS

A discusión dirixida derivada dos casos e problemas propostos ten por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e das técnicas estudadas. Para un óptimo aproveitamento é recomendable a participación activa nas sesións e nos seminarios (organizados polo docente da materia ou pola coordinación do grao).

Avaliación da segunda oportunidade

Seguirá os mesmos criterios que os utilizados na avaliación da primeira oportunidade, coa excepción do alumnado que exprese a súa intención de participar nun novo proceso de avaliación continua (50% da cualificación final: Seminario, Solución de problemas, Traballos tutelados, Prácticas a través de TIC). Neste caso:

- a) É imprescindible enviar un correo electrónico ao equipo docente, antes do inicio do período de exames da segunda oportunidade, indicando a súa renuncia á cualificación previamente obtida nestas metodoloxías, e recibir a correspondente autorización.
- b) A avaliación continua (Seminario, Solución de problemas, Traballos tutelados, Prácticas a través de TIC) agrégase nunha única proba oral a realizar previamente a data oficial do exame da segunda oportunidade. A proba oral valorará aspectos teóricos e prácticos (incluído o manexo de ferramentas TIC) de todos os temas da materia. O estudante deberá ser capaz de explicar e demostrar razoadamente todas as súas respostas.

Convocatoria adiantada

Na data aprobada polo centro para a realización da oportunidade de avaliación adiantada:

- a) A avaliación continua (50% da cualificación final: Seminario, Solución de problemas, Traballos tutelados, Prácticas a través de TIC) agrégase nunha única proba oral. A proba oral valorará aspectos teóricos e prácticos (incluído o manexo de ferramentas TIC) de todos os temas da materia. O estudante deberá ser capaz de explicar e demostrar razoadamente todas as súas respostas.
- b) Proba obxectiva (50% da cualificación final). Para poder optar a aprobar a materia é necesario superar tanto a parte de finanzas como a parte de contabilidade obtendo unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das devanditas partes.

Cualificación de non presentado.

Considerarase como ?Non presentado? (NP) ao alumnado que:

- a) non se presente á proba do período oficial de avaliación, ou
- b) só participe de actividades de avaliación continua que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

Seguindo as indicacións normativas, dito alumnado deberá comunicar a súa situación ao equipo docente antes do 30 de setembro. As probas de avaliación continua (50% da cualificación final: Seminario, Solución de problemas, Traballos tutelados, Prácticas a través de TIC) agréganse nunha única proba oral a realizar previamente ao exame do período oficial de avaliación (o alumnado que participe da avaliación por parciais poderá solicitar por escrito, antes do 30 de novembro, realizar dúas probas orais coa mesma ponderación -50%-: unha antes do primeiro exame parcial e a segunda previamente ao exame do período oficial de avaliación). A proba oral valorará aspectos teóricos e prácticos (incluído o manexo de ferramentas TIC) de todos os temas da materia. O estudante deberá ser capaz de explicar e demostrar razoadamente todas as súas respostas. Acordarase ao inicio do curso un calendario específico de atención personalizada compatible co plan de traballo da materia e coa súa dedicación.

Condicións de realización dos exames

Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información, non autorizado previamente polo docente.

Quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual

O docente pode requirir a posterior defensa oral, parcial ou total, das actividades entregadas e avaliadas.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Robinson, T.R., Henry, E., Broihahn, M.A. (2020). International financial statement analysis. Wiley- Ortega, R. (2017). Fundamentals of financial management. ESIC- Lozano Gutiérrez, M.C., Ramón Llorens, M. C. (2017). Financial mathematics: fundamental concepts. Universidad Politécnica de Cartagena- Reverte, C. (2014). Exercises of financial accounting. Ecobook- Götze, U., Northcott, D, Schuster, P. (2008). Investment appraisal, methods and models. Springer- Sutton, T. (2004). Corporate financial accounting and reporting. Prentice Hall 2nd ed.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Robinson, T.R., Henry, E., Broihahn, M.A. (2020). International financial statement analysis - Workbook. Wiley- Schoenmaker, D., Schramade, W. (2019). Principles of sustainable finance. Oxford University Press- Brealey, R.A., Myers, S.C., Allen, F. (2018). Principles of corporate finance. McGraw Hill 12th ed.- Watson, D., Head, A. (2016). Corporate finance: principles and practice. Pearson 7th ed.- Lev, B., Gu, F. (2016). The end of accounting and the path forward for investors and managers. Wiley- Phillips, F., Libby, R., Libby, P.A. (2016). Fundamentals of financial accounting. McGraw Hill 5th ed.- Jones, M.J. (2014). Accounting and finance. Wiley

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Modelos e Técnicas de Simulación Empresarial: Xogo de Empresa/710G03026

Planificación e Control de Xestión en Empresas de Moda/710G03022

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías